

Animaliños (escena 5)

O RESPONSABLE: Eu son o responsable da área de Cultura.

A RESPONSABLE: E eu a responsable da área de Educación.

O RESPONSABLE: Eu chámome Pepe.

A RESPONSABLE: Eu non. (*Ri a súa propia graza estupidamente. O natural sería que a rise ela e ninguén máis, pero iso nunca se sabe.*) chámome Antonia. Toña para os amigos, ou sexa, para todos vós.

O RESPONSABLE: Ides asistir a unha representación de teatro.

A RESPONSABLE: Pero non dun teatro calquera.

O RESPONSABLE: De teatro noso, ou sexa, de Teatro Galego.

A RESPONSABLE: Teatro galego é o que se fai aquí.

O RESPONSABLE: O que se fai aquí en lingua galega. Nun supoñer: esta peza á que ides

asistir hoxe, representada en Londres en inglés, sería teatro galego ou non?

A RESPONSABLE: A pregunta en realidade debera ser: sería teatro? (*Ri unha vez máis*). Eu é que, francamente, creo que o teatro é outra cousa.

O RESPONSABLE: Ese é un tema apaixonante ao que non imos entrarlle hoxe.


A RESPONSABLE: Hoxe o que imos é asistir á primeira das moitas actividades programadas pola concellería de Cultura...

O RESPONSABLE: E pola de Educación...

A RESPONSABLE: Dentro do programa intitulado “Hai outras alternativas ademais da litrona”.

O RESPONSABLE: E non é que queiramos quitarvos de beber.

A RESPONSABLE: Cadaquén é libre de facer o que lle pete.



Reelaborado a partir do díptico realizado polo *Seminario Galán*.

Para saber máis: coordinadoraendl.org/letras2013

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2013



ROBERTO VIDAL BOLAÑO (1950-2002)

EPA LUGO. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Roberto Vidal Bolaño, que andando os anos se convertería nun dos creadores do teatro profesional galego, naceu en Santiago de Compostela o 31 de xullo de 1950.

Realizou os seus primeiros estudos de primaria e bacharelato en Santiago e con doce anos comezou a traballar en oficios diversos: repartidor de recambios de coche, nunha axencia de viaxes, nun almacén de coloniais e nunha entidade bancaria, até que, con vinte e sete anos, pasou a dedicarse en exclusiva ao teatro.

Fundou a primeira compañía profesional de teatro en galego, o Grupo **Antroido**, na que realizou todo tipo de funcións: empresario, director, actor, autor, electricista, pintor... Ao longo da súa traxectoria artística escribiu preto de trinta obras teatrais, algunhas delas dedicadas ao público infantil e outras máis enfocadas aos adultos.

Tamén realizou guións para as televisións galega e española, levando á pantalla relatos de escritores galegos como Fole ou Blanco Amor. Participou como actor en longametraxes e series televisivas e como actor de dobraxe colaborou en máis de cincuenta películas.

Recibiu numerosos premios pola súa obra teatral: Premio Abrente, Premio Cunqueiro, Rafael Dieste, Eixo Atlántico, Tirso de Molina...

No ano 1991 creou e dirixiu a compañía **Teatro do Aquí**, coa que seguiu representando as súas propias obras.

Roberto Vidal faleceu en Santiago de Compostela na madrugada do once de setembro de 2002.



ALGUNHAS PEZAS TEATRAIS

(Data de representación)

Laudamuco, señor de Ningures (1977)

Anxeliños. Comedia satánica (1977)

Bailadela da morte ditosa (1980)

Agasallo de sombras (1984)

Caprice des Dieux (1985)

Cochos (1988)

Saxo Tenor (1993)

Mar revolto (2001)

Animaliños (2002)

Integral (2003)



Unha escena de *Animaliños*, por *Teatro do Aquí*